



A Coruña, 30 de maio de 2010. A asociación ecoloxista ADEGA xunto coa Asociación de Veciños Afectados pola [Ampliación do Aeroporto de Alvedro](#) denunciaron onte en Culleredo unha nova agresión medioambiental no marco do programa [Montañas en Rede 2010](#)

. ADEGA e a Plataforma de Afectados do Aeroporto de Alvedro realizaron onte domingo un acto conxunto no próximo monte de San Miguel. Como todos os anos, esta fin de semana levouse a cabo a 5ª edición Montañas en Rede na que diversos colectivos e particulares de todo o estado reclaman aos políticos un compromiso na protección do espacio natural, dos nosos montes e das nosas montañas fronte as agresións que sofren a cotío, principalmente a agresión urbanística que deforesta tanto terreo cada ano.

Dado que fai apenas dous meses o ministerio de Infraestructuras anunciou a obra da ampliación do aeroporto de Alvedro, no concello coruñés de Culleredo, o lugar escollido este ano por Adegas foi o monte de San Miguel, un dos cinco que serán desmontados para levar a cabo dita obra; os outros montes afectados son Runs, o Coto de Fontemaior, o Picoto e máis o monte Costa.

ADEGA, así como a Plataforma de Veciños Afectados, consideran esta decisión moi perxudicial tanto para o entorno natural como para o entorno social, xa que ademáis de conlevar a destrución de máis de cen casas de veciños nunha obra cuxos beneficios semellan inexistentes, implican a destrución por completo de catro dos montes que rodean Culleredo, montes que protexen do vento, e que son un recurso natural, cultural e paisaxístico moi valioso e irremplazable. Esta obra de dimensións faraónicas implicaría, ademáis, o desprazamento de toneladas de terra e residuos durante dous anos, dos que gran parte irán a parar á ría do Burgo axudados pola choiva, afectando tanto ao entorno como á vida subacuática da ría. Tamén cabería preguntarse por qué non se utilizan os cartos da ampliación en rexenerar a Ría do Burgo, clasificada como a ría máis contaminada do continente, como leva pedindo dende fai tempo a Unión Europea.

ADEGA considera que levar a cabo unha agresión á natureza cun impacto ambiental tan alto como está recollido no estudio preliminar non é só innecesaria senón monstruosa a todas luces, e reclama con esta nova acción a detención desta destrucción irracional así como dun debido compromiso dos políticos na protección dos nosos montes.

Máis información da campaña en:

[http://adega.gal/info/090121joomla/novas-de-ea/283-montanas-en-rede-2010-as-montanas-si-i
mportan-](http://adega.gal/info/090121joomla/novas-de-ea/283-montanas-en-rede-2010-as-montanas-si-i
mportan-)

http://www.redmontanas.org/index.php?option=com_content&view=article&id=489